

COMUÑÓN : CANTO

NA TARDIÑA BAIXA DA VIDA
HAN EXAMINARME DE AMOR (2)

- 1.- Se lle dei comida ao famento / se ao sedento dei de beber / se fun ver o pobre á cadea / e se refuxiado hospedei.
- 2.- Se fun quen de dar un consello / se a quen vin chorar consolei/ se nos máis cativos e pobres / co Señor Xesús atopei.
- 3.- Podo do divino e do humano / en estrañas linguas falar / se non teño amor, son talmente / coma o badalar da campá.
- 4.- Podo consumir en esmolas / o meu capital e os meus bens / pódome deixar queimar vivo / se non teño amor, nada é.

ORACIÓN FINAL (van rezando dúas persoas e todos contestamos dicindo a cada agradecemento: GRAZAS POR TANTO BEN

--Agradecemosche este encontro e esta celebración de hoxe,
Deus de vida e de ben.
GRAZAS POR TANTO BEN.

- Agradecemosche a sorte que tivemos por criarnos e vivir na aldea.
--Agradecemosche todo o que a aldea nos ofrece
en froitos da terra e na rica e fermosa cultura rural.
--Agradecemosche a xente que sente orgullo por ser da aldea
e vive e traballa para que a aldea non morra,
senón que siga sendo fonte de vida para a nosa sociedade.
--Agradecemosche o teu fillo Xesús de Nazaré, home de aldea coma nós,
que partindo das cousas do campo nos contou historias tan fermosas,
que teñen que ver coa vida e a felicidade de todo o mundo.
--Agradecemosche a vida que temos
e a vontade de compartila con quen máis o necesite.
--Agradecemosche que nos queiras coma un Pai ou Nai
e que contigo todas e todos nós poidamos formar unha gran familia.
--Agradecemosche o Pan Santo que acabamos de tomar,
co que nos sentimos unid@s a ti e a todas as criaturas do mundo.

15 DE MAIO 2020: SAN ISIDRO DÍA DO MUNDO RURAL

ORGULLOSAS DE NÓS, ORGULLOSOS DO NOSO

Guía para a celebración eucarística

Poderíamos decorar o espazo da celebración con algo que nos recorde as xentes, a vida, a natureza, o traballo, os froitos da aldea.

Tamén, antes de empezar, podiamos conversar algo sobre cousas da nosa vida da aldea, do pasado e do presente, das que nos sentimos orgullosas.

Introdución:

Este ano a celebración do día do mundo da aldea e das parroquias rurais está moi tocado por toda a crise do *coronavirus*. Ás dificultades e problemas que nas parroquias tiñamos ata agora hai que sumar todas as complicacións que da tal crise se derivaron, que tamén se están deixando notar nas nosas parroquias.

Pero iso non nos pode impedir mirar para nós e para a nosa vida con orgullo. Todo o contrario. A aldea co seu traballo, con ritmos serenos, con capacidade de producir bos e sans alimentos, con respecto pola natureza, ofrece un marco moi digno de vida e de saúde para o corpo e para a mente. Esta aldea coas súas capacidades certamente está ameazada, pero nós queremos reivindicala. Non podemos ser tan parvos que despreceemos os grandes recursos que nos ofrece. Soñamos con que un día espertemos da absurda ilusión de vivir de costas á natureza e a súa capacidade de vida a todos os xeitos.

E sentimos que Deus é quen sostén este noso orgullo e esperanza. Por iso celebramos con ánimo e alegría este noso día do mundo rural, do mundo da aldea.



CANTO: Himno do San Isidro

VIMOS ALEGRES CON MOITA UNIÓN
A CELEBRAR O NOSO PATRÓN,
XUNTOS OLLAMOS CARA AO PORVIR
QUE DEUS CONNOSCO QUERE CONSTRUIR.

1.- Aquí chegamos todos, todas con ilusión,
coa nosa vida ás costas, e nela moita unión.
Algúns somos máis vellos, outras máis novas son,
todos somos do campo con orgullosa unión..

2.- Somos irmás na terra, somos pobo de Deus,
vida con Deus buscamos na terra e máis no ceo.
Somos as seguidoras de Xesús que morreu
por defender o humilde: temos o Alento seu.

Celebración do perdón

Acollémonos ao perdón de Deus e ao noso para facer máis fermosa e feliz a vida na aldea.

- Polas veces que nos facemos mal coa palabra ou cos feitos, e danamos a nosa convivencia. Abrímonos ao perdón de Deus.

QUE O TEU PERDÓN NOS CURE E NOS RENOVE.

- Polas veces que non agradecemos o grande regalo da aldea e non o gozamos nin o compartimos. Abrímonos ao perdón de Deus.
- Polas nosas resistencias a unirnos en grupos de todo tipo para defender a vida digna nas aldeas. Abrímonos ao perdón de Deus.

Lecturas da Palabra de Deus

1ª lectura: 1Cor 13, 1-8a. 13: Grandeza do amor, da solidariedade para unha vida cristiá no medio do mundo.

Salmo: Sl 146: Loa, miña alma, o Señor.

Evanxeo: Lc 6, 27-28.32-36 Amar a fondo, sen límite ningún, tal coma Deus nos ama.

Preces

Deus está sempre ben disposto a acoller as nosas pregarías, e a solidarizarse connosco para que poidamos ir acadando aquilo que honestamente desexamos. Por iso contestamos a cada prez dicindo:

CONFÍO EN TI, PAI NOSO, CONTA CONNOSCO

- Por toda a xente que máis sufriu e aínda sofre por mor do coronavirus; que os saibamos apoiar, acompañar, alentar. Oremos
- Para que aprendamos do vivido nestes últimos meses a poñer sempre o amor, a solidariedade no centro de todo o nosos vivir. Oremos.
- Para que coidemos a aldea, para que vivamos gozosos nela, para que a saibamos ofrecer coma unha bendición de Deus e coma unha oportunidade de vida para quen nos rodea. Oremos.
- Para que nos deixemos alentar polo Espírito de Xesús, e así poidamos levar en todo unha convivencia de verdadeiros irmáns e irmás na aldea. Oremos.

Ofertorio

Hoxe co pan e co viño para a Eucaristía podiamos ofrecer algúns produtos da zona, que xa estean dispoñibles para seren comidos: froitas, verduras, ovos, chourizo. Ofrecémolos e despois da Eucaristía podémolos comer nun momento de compartir en festa. Entre varias persoas coller os produtos, levántanos cara a riba onda o altar e mentres cántase:

CANTO: **Velaquí, Señor, o viño, froito das nosas videiras
e o pan de trigo arrincado ao calor das nosas leiras;
O mar, as estrela, os ríos e o sol,
os prados e as leiras para ti, Señor**

**NOSO PAI, QUE ESTÁS NO CEO,
SANTIFICADO SEXA O TEU NOME, VEÑA O TEU REINO,
FÁGASE A TÚA VONTADE AQUÍ NA TERRA COMA NO CEO.
DÁNOS HOXE O NOSO PAN DE CADA DÍA,
PERDOA AS NOSAS OFENSAS
COMO TAMÉN PERDOAMOS NÓS A QUEN NOS TEN OFENDIDO
E NON NOS DEIXES CAER NA TENTACION
E LÍBRANOS DO MAL.**